



GALICIAN FOLK SONGS

CONCURSO DE COMPOSICION PARA PIANO

GALICIAN FOLK SONGS é un concurso de composición para piano promovido polo pianista galego Javier Otero Neira e o selo Landra Music. A súa principal finalidade é estimular a creatividade dos novos compositores e enriquecer o patrimonio musical galego con obras do folclore tradicional baseadas en melodías populares.

BASES DO CONCURSO

OBXECTO DA CONVOCATORIA

1. A finalidade da convocatoria deste I Concurso de Composición para Piano GALICIAN FOLK SONGS é estimular a creatividade dos novos compositores e enriquecer o patrimonio musical e folclórico galego con obras baseadas en melodías populares e/ou cancións tradicionais.

PARTICIPANTES

2. Poderá participar nesta primeira convocatoria deste concurso calquera compositor/a, sen límite de idade, e de calquera nacionalidade.

3. Cada compositor/a poderá presentar unha ou máis dunha obra ao concurso.

4. A participación neste concurso implica a aceptación do contido destas bases. etc. ou cancións tradicionais.

CARACTERÍSTICAS DAS OBRAS

5. As obras presentadas estarán escritas para piano só, sen utilización de medios electroacústicos.

6. A duración das obras non poderá ser superior a 6 minutos nin inferior a 4.

7. As obras presentadas deberán ser orixinais, inéditas e non poderán ter sido estreadas con anterioridade.

8. A temática das obras presentadas será obrigatoriamente o folclore galego, empregando melodías populares como o Alalá, a Muíñeira, a Foliada, a Alborada,

9. As obras enviaranse por correo electrónico ao seguinte enderezo: galicianfolksongs2015@gmail.com. No asunto do correo electrónico farase constar o nome do concurso (GALICIAN FOLK SONGS) e no texto do mesmo o/a remitente deberá incluír o seu nome e apelidos, a idade, o lugar de orixe, un teléfono de contacto e, de xeito opcional, un pequeno texto non superior a 10 liñas sobre a súa composición.

10. As partituras deberanse enviar en formato PDF (empregando calquera programa informático de edición musical, como Sibelius, Finale, MuseScore, etc.) antes do día 30 de outubro de 2015 ao devandito enderezo electrónico.



GALICIAN
FOLK SONGS



XURADO

11. Para valorar as obras presentadas e determinar cales son as gañadoras dos diferentes premios nomearase un xurado composto por alomenos tres persoeiros de recoñecido prestixio no mundo da música galega, que estará presidido polo pianista Javier Otero Neira. Actuará como secretario, con voz pero sen voto, o xornalista Alberto J. Rey Basteiro.

12. A decisión do xurado, que avaliará as obras presentadas en función da calidade artística das mesmas, será inapelable e farase constar na correspondente acta.

13. A decisión dos membros do xurado será comunicada publicamente o día 16 de novembro de 2015 a través da páxina web javieroteroneira.com e das redes sociais do propio pianista, previa comunicación aos/ás gañadores/as.

14. Os integrantes do xurado resérvanse o dereito a resolver calquera circunstancia non contemplada nestas bases, así como a interpretar as mesmas.

PREMIOS

15. Establécense tres premios con dotación económica que tamén inclúen a publicación das obras no caderno GALICIAN FOLK SONGS, a estrea nunha xira de concertos que ofrecerá Javier Otero Neira no marco do proxecto GALICIAN FOLK SONGS e a súa gravación dentro dun novo traballo discográfico de Javier Otero Neira.

16. Os premios son os seguintes:

1º Premio

- 500 €
- Publicación da obra no caderno GALICIAN FOLK SONGS
- Interpretación da obra na xira

de concertos GALICIAN FOLK SONGS

- Gravación da obra nun novo traballo discográfico de Javier Otero Neira

2º Premio

- 300 €
- Publicación da obra no caderno GALICIAN FOLK SONGS
- Interpretación da obra na xira de concertos GALICIAN FOLK SONGS
- Gravación da obra nun novo traballo discográfico de Javier Otero Neira

3º Premio

- 200 €
- Publicación da obra no caderno GALICIAN FOLK SONGS
- Interpretación da obra na xira de concertos GALICIAN FOLK SONGS
- Gravación da obra nun novo traballo discográfico de Javier Otero Neira

17. Queda á discreción dos membros do xurado a posibilidade de declarar algún premio deserto ou de establecer, se o considerasen oportuno, mencións de honra ou premios compartidos.

18. Con independencia da concesión destes premios, a organización do concurso resérvase a capacidade de seleccionar máis obras para a súa publicación no caderno GALICIAN FOLK SONGS e para a súa interpretación e gravación por Javier Otero Neira.

19. Todos os premios deste concurso quedan sometidos á correspondente retención en concepto do IRPF, conforme á normativa vixente.

20. A entrega dos premios aos/ás gañadores/as realizarase no lugar e

data que se comunicará polos medios oportunos. O importe dos premios pagarase mediante transferencia bancaria á conta aportada polos gañadores/as.

COMPROMISOS

21. Os compositores/as garantirán que as obras presentadas ao concurso son orixinais e non infrinxen a Lei de Propiedade Intelectual.

22. Os compositores/as participantes autorizan á organización do GALICIAN FOLK SONGS a utilizar o seu nome a todos os efectos promocionais.

23. Os dereitos intelectuais das obras presentadas a este concurso, resulten gañadoras ou non, pertencen unicamente aos compositores/as.

24. Durante os dous anos seguintes á publicación do caderno GALICIAN FOLK SONGS, as obras gañadoras só poderán ser interpretadas polo pianista Javier Otero Neira, agás acordo expreso entre ambas partes.

25. Os concertos da xira GALICIAN FOLK SONGS poderán ser gravados para o arquivo do proxecto e para a súa promoción e difusión sen que iso supoña unha retribución suplementaria ao compositor/a. Neste caso, GALICIAN FOLK SONGS comprométese a entregarlle unha copia de dita gravación ao compositor/a.

26. Os compositores/as concursantes e a organización do GALICIAN FOLK SONGS conveñen que se faga constar nos cretos publicados co gallo de calquera comunicación pública da obra, así como na propia partitura, que dita obra obtivo un premio neste concurso.